

CONVOCATORIA 2022 PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN MEDICINA PERSONALIZADA E TERAPIAS AVANZADAS

O Ministerio de Ciencia e Innovación abriu a fase de expresións de interese previa á Convocatoria 2022 de Proxectos de Innovación en Medicina Personalizada e Terapias Avanzadas, que forma parte do PERTE para a Saúde de Vangarda e estará xestionada polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) e o Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII).

O obxectivo destas axudas é coordinar as capacidades científicas e empresariais para lograr un avance máis rápido no desenvolvemento de produtos de diagnóstico clínico para medicina personalizada e medicamentos estratéxicos emerxentes e orientar os esforzos investigadores e innovadores no ámbito da colaboración público-privada.

A convocatoria busca apoiar proxectos de innovación en medicina personalizada e terapias avanzadas no ámbito da saúde cara aos seguintes retos:

- Diagnóstico precoz e máis preciso.
- Tratamentos innovadores e personalizados.
- Mellora do seguimento e a rehabilitación das enfermidades crónicas.

- Duración: 2 anos (01/01/23 a 31/12/24)

- Intensidades de axuda:

-Para os centros e organismos de investigación concederanse subvencións de ata o 100% dos gastos elegibles e non existe un orzamento mínimo.

-Para as empresas concederanse axudas parcialmente reembolsables de ata o 90% do orzamento elegible, cun tramo non reembolsable do 33% da axuda. O tipo de interese do tramo reembolsable será Euribor a un ano, fixado no momento da concesión da axuda. O orzamento mínimo por empresa será de 175.000€.

- Fases da convocatoria:

Fase 1: expresións de interese. Presentación de proxectos conxuntos entre empresas e organismos e centros de investigación do Sistema Nacional de Saúde. A participación nesta fase é **requisito indispensable** para poder acceder á fase posterior de solicitude de financiamento.

Prazo de Presentación de expresión de interese: do 23 de setembro ata o fin de prazo da presentación das solicitudes de axuda ás entidades financiadoras.

Fase 2: solicitude de axudas. Aínda que se trata de proxectos en colaboración, o financiamento concederase de maneira separada a cada beneficiario, en procedementos distintos por parte do CDTI e do ISCIII.

No lateral dereito dispoñedes de acceso a máis información e na parte inferior dispoñedes dun pequeno vídeo resumo da convocatoria.

Publicado no BOE do 29 de setembro de 2022 o **EXTRACTO DA CONVOCATORIA**

O prazo de xeración e presentación das solicitudes e da restante documentación necesaria iniciase o **6 de outubro de 2022 e finaliza ás 15:00 horas, hora peninsular, do 26 de outubro de 2022**

LIGAZÓNS ASOCIADAS

FICHA RESUMO
CONVOCATORIA
PROXECTOS
INNOVACIÓN

DOSSIER
INFORMATIVO

LIGAZÓN
Actuación
Conxunta ISCIII-
CDTI

EXTRACTO
CONVOCATORIA

RESOLUCIÓN
CONVOCATORIA